

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO

O tribunal que xulga o proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de espera para cubrir temporalmente postos da escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas, subgrupo A2, da Universidade de Santiago de Compostela (Resolución da xerencia do 5 de xuño de 2024), en sesión do 04 de setembro de 2024, ACORDOU:

PRIMEIRO. Facer públicos os CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN das probas correspondentes ao primeiro exercicio (coñecemento de idioma galego) que se celebrarán o vindeiro **25 de setembro de 2024**

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 4, tal e como se establece na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

O nivel correspóndese tamén co nivel C1 do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

Proba escrita

Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.

Proba oral

Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a produción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.

Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.

Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.

Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.

SEGUNDO. Informar aos aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberán vir provistas dun documento oficial que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou permiso de conducir)
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de bolígrafo azul ou negro.
- Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.
- A entrada á proba será consonte a orde de chamamento, que se iniciará ás 09.30 horas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A Presidenta do Tribunal

María Isabel Casal Reyes

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL CASAL REYES, DIRECTORA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 10/09/2024 08:20:47.

CSV: C35D-DFF4-4DA6-955C